



Concello de Vilalba

BASES DA PROBA DEPORTIVA XIV CARREIRA ESCOLAR DAS LETRAS GALEGAS

10 DE MAIO DO 2024.

Adicado a LUÍSA VILLALTA GÓMEZ

Aprobadas por Decreto da Alcaldía n.º 324 de data 20/03/2024

Cláusula 1.- OBXECTO. Establecer as bases de inscrición e o regulamento deportivo das probas da XIV edición da Carreira Escolar das Letras Galegas que organiza O Concello de Vilalba.

Cláusula 2.- INSCRICIÓN. As inscricións, de balde para todas as categorías, serán do 15 ata o 25 de abril (ambos inclusive) exclusivamente a través do centro educativo co/a docente especialista en Educación Física/ dos distintos centros, ou no seu caso titor/a de cada grupo/nivel/aula. Os centros educativos deberán remitir, por medios electrónicos, antes do 25 de abril ao Servizo Municipal de Deportes o listado nominal de participantes cos seguintes datos como mínimo:

- Curso
- Nome e apelidos
- Data de nacemento

Cláusula 3.- DATA e LUGAR DO EVENTO.

A XIV Carreira Popular das Letras Galegas, vaise celebrar o 10 de maio de 2024 no estadio da Madalena (pista de atletismo), a partir das 11:00 horas.

No caso de que existan inclemencias meteorolóxicas adversas, o evento terá lugar en datas posteriores (data a escoller, por consenso, entre o Concello e os colexios)

Cláusula 4.- CATEGORÍAS.

Categorías mixtas con carácter participativo

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Concello de Vilalba

A saída será simultánea, mixta e sen distinguir caixóns de saída, tendo carácter participativo.

As categorías, idades, distancias a percorrer e horario aproximado da saída, serán as seguintes:

Categoría	Idade	Distancia	Horario
Chupete	2020- 2019	60 metros	11:15
Biberón	2018	80 metros	11:30
Prebenxamíns	2017 e 2016	200 metros	11:45
Benxamín	2015 e 2014	500 metros	12:00
Alevín	2013 e 2012	700 metros	12:15
12:30 – Hora estimada de finalización			
Infantil	2011 e 2010	1000 metros	12:30
Cadete	2009 e 2008	1400 metros	12:45
13:00 – Hora estimada de finalización no caso de ser necesario programar 2 categorías máis.			

4.1.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A distancia en cada categoría poderase axeitar as necesidades dos participantes, con especial atención a aqueles que presenten diversidade funcional, ou outras características.

O alumnado participante matriculado nos CEIPS nado en anos anteriores ao 2012 participará na categoría alevín.

Cláusula 5.- ITINERARIO DE ACCESO E SAÍDA DA PISTA.

Os participantes, ante a chamada para o inicio da súa categoría, accederán á pista baixando polas escaleiras centrais da grada. Unha vez rematada a proba, retornarán ao seu espazo reservado polo lateral das gradas situado ao carón da liña de meta.

Cláusula 6.- AVITUALLAMENTO E PREMIOS.

Os participantes recibirán unha auga e unha peza de comida.

Ao ser probas participativas non competitivas, todo o alumnado participante



Concello de Vilalba

recibirá unha medalla.

Cláusula 7.- CONTROL DE ACCESOS.

Acceso permitido para pais/nais/titores ou familiares do alumnado á grada pequena do Estadio da Madalena. A grada principal estará reservada para o alumnado e profesorado.

Cláusula 8.- OUTRAS DISPOSICIÓN.

- Os centros educativos contarán cun servizo de autobuses para participar no evento, a cargo do Concello de Vilalba.
- A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos obrigatorio para os participantes.
- Cada centro educativo dispoñerá dun espazo reservado para os seus alumno.

Cláusula 9.- ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO DAS CARREIRAS.

A inscrición e participación na XIV Carreira Escolar das Letras Galegas supón a aceptación das normas.

A organización da proba reservarase o dereito de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.

Cláusula 10.- ANEXOS

Anexo 1- Modelo exemplo folla excel para inscrición masiva

	Colexio	Curso	Data nacemento	Nome e apelidos
1				
...				
x				